

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NO MARCO DO PROXECTO TERRA 2022-2023.

#### 1.- Competencia

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude do establecido no Decreto 42/2019, do 25 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio e urbanismo, e a través da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, as funcións de disciplina urbanística. Dentro destas competencias, entre outras, desenvólense as funcións de:

- Definición, programación e execución da política de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia, así como a elaboración das disposicións que procedan.
- Elaboración de plans, proxectos, estudos e instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.
- Fomento do planeamento e da actividade urbanística.
- Protección, xestión e ordenación da Paisaxe.
- control do uso do solo, fomentando a utilización racional e ordenada do noso territorio, mediante as actuacións de disciplina urbanística.

#### 2.- Antecedentes

No ánimo de contribuír a que a cidadanía percibamos a arquitectura e o territorio coma piares básicos da nosa cultura, en xaneiro de 2000 o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia puxo en marcha o que posiblemente sexa o seu máis ambicioso proxecto cultural: o Proxecto TERRA. Partindo do convencemento de que este obxectivo nunca se logrará acadar se non se consegue que o feito arquitectónico e territorial adquira unha sólida presenza no ámbito da educación, o Proxecto TERRA é un proxecto didáctico de cooperación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co mundo da educación dirixido ás distintas etapas da Educación Obrigatoria e a Educación Infantil, co fin de contribuír a mellorar o coñecemento que os escolares de Galicia deben ter da nosa arquitectura, da nosa identidade territorial e do noso medio ambiente, contribuíndo a acadar os obxectivos que sobre arquitectura, territorio e medio ambiente xa se contemplan na actualidade nas distintas etapas da educación de 0 a 18 anos.

A participación da APLU no presente convenio enmárcase dentro da liña seguida por este organismo nas campañas de concienciación e formación para a cidadanía, co obxecto de ir modificando o tan manido “*ti vai facendo*” por un esperado “*ti faino ben*”. Por elo, a Axencia, nos últimos anos ven destinando importantes recursos á realización de cursos, congresos, e colaboración institucional cas institucións referentes en materia de formación, incluíndo o COAG. Así, co fin dunha maior eficacia da xestión pública, faise apropiada a colaboración da APLU co COAG, a través do Proxecto TERRA.



Esta é a achega que o Proxecto TERRA pon a disposición da comunidade educativa esperando que sexa un instrumento que axude a acadar os obxectivos que sobre arquitectura e territorio xa se contemplan na actualidade nos currículos da Educación Infantil, a Educación Primaria e a Educación Secundaria.

Trátase de contribuír a que á nosa poboación escolar se lle dea unha clara e actualizada proposta de achegamento á arquitectura, entendendo esta como todas aquelas actuacións sobre o territorio realizadas por mulleres e homes para acadar unhas mellores condicións de vida. En ningún caso se trata de incrementar os contidos establecidos nas referidas etapas educativas, senón de aportar materiais específicos que completen ou melloren os que agora mesmo están dispoñibles para o alumnado e o profesorado, e completalos con actividades, como visitas guiadas de arquitectura e intercambios territoriais ou obradoiros de arquitectura, que se ofertarán aos centros de ensino para que poidan ser incorporadas nas súas programacións de actividades complementarias ou extra escolares.

Desde os inicios dos traballos, distintas institucións e organismos se incorporaron ao proxecto na procura destes obxectivos comúns. Neste tempo, a AS-PG, TVE, a ONCE e Arquitectura Sen Fronteiras asumiron compromisos específicos fundamentais no desenvolvemento do proxecto. Moi significativa e trascendental no desenvolvemento do Proxecto TERRA foi a sinatura, en decembro de 2003, do convenio de colaboración coa Consellería de Política Territorial Obras, Públicas e Vivenda que permitiu unha mellora substancial das condicións de edición dos materiais xa elaborados, garantindo a súa óptima difusión nos ámbitos educativos. Finalmente, é no 2005 no momento no que, unha vez rematada a edición dos materiais, principiouse a súa difusión, producíndose a incorporación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sendo a súa presenza fundamental tanto para a acollida dos materiais e actividades nos centros educativos, como na tarefa de formación do profesorado que se levou a cabo ao longo destes anos.

O respaldo institucional da Xunta de Galicia ao Proxecto TERRA foi constante e decisivo. Desde o ano 2003, O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Xunta de Galicia veñen colaborando de xeito estable no cofinanciamento do Proxecto TERRA co obxectivo de realizar labores de difusión do «Proxecto TERRA», coa finalidade de ampliar a formación do profesorado e mellorar os coñecementos da poboación escolar en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio, tal e como se recolle nos sucesivos convenios asinados. A tal fin, o Proxecto TERRA elaborou, editou e distribuíu gratuitamente a todos os centros de Galicia das distintas etapas educativas de 0 a 18 anos, materiais educativos e actividades complementarias contextualizadas á realidade do país, que permiten complementar os que teñen á súa disposición o alumnado e profesorado para traballar os contidos que sobre arquitectura e territorio contemplan os DCB vixentes.

Ao longo destes 21 anos de colaboración, os recursos educativos elaborados están presentes no 100% dos centros educativos de Educación Secundaria, Educación Primaria e Educación Infantil de Galicia, tendo participado ata a actualidade uns 57.000 escolares de Educación Secundaria nas actividades ofertadas desde o curso 2005-2006, e que na actualidade están integradas no Plan Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Desde o curso 2011-2012, ampliouse a oferta das actividades aos centros de Educación Primaria, estando en proceso de revisión para a consolidación da súa presenza do Proxecto TERRA nesta etapa educativa.



### 3.- Finalidade

Para a consecución dos fins sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2023.

### 4.- Obxecto.

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para dar continuidade ao traballo desenvolvido na Educación Secundaria e na Educación Primaria e Infantil, así como na formación á cidadanía reforzando e consolidando a presenza do Proxecto TERRA e abrindo novas liñas de actuación que permitan optimizar os recursos dispoñibles cara á mellor consecución dos obxectivos que se pretenden, realizando actividades de sensibilización, concienciación, formación e divulgación sobre os espazos e lugares que habitamos, a paisaxe e o dereito ao hábitat, sinaladamente mediante asistencia científica e técnica e intercambio de experiencias con fins de formación e información, coa finalidade de formar, difundir e ampliar os coñecementos da cidadanía en xeral, e dos técnicos e entidades competentes en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio e a súa repercusión na conformación das paisaxes do presente e do futuro .

### 5.- Fundamentos do instrumento convencional:

Constitúe o fundamento do convenio de colaboración a vontade das partes asinantes do acordo para dar continuidade a todo o traballo desenvolvido na Educación Secundaria Obrigatoria, reforzando e consolidando a presenza do Proxecto TERRA na Educación Primaria e Educación Infantil e abrindo novas liñas de colaboración que permitan optimizar os recursos dispoñibles cara á mellor consecución dos obxectivos que se pretenden. Para o cumprimento deste obxectivo establece a seguinte programación de actuacións para os anos 2022 e 2023:

- 1.- Manter e ampliar a oferta de actividades complementarias para a Educación Secundaria, consistentes en visitas guiadas de arquitectura e cidade e intercambios territoriais.
- 2.- Modificar e axeitar a oferta das actividades complementarias para Educación Primaria co obxectivo de facilitala a súa integración nos procesos de ensino-aprendizaxe desta etapa educativa.
- 3.- Modificar e axeitar a oferta das actividades complementarias Educación Infantil na oferta de actividades complementarias, con obradoiros nos centros de educación infantil.
- 4.- Desenvolver as actividades da iniciativa da APLU “Eu son Inspector@ urbanístic@” en centros educativos, servindo o Proxecto TERRA como canle e entrada aos mesmos e facilitando a información e oferta desta actividades.
- 5.- Continuar co proceso de revisión e actualización dos materiais e recursos baixo soporte papel e dixital, para a súa integración nas aulas a través das TIC. Actualización e nova creación de materiais audiovisuais formativos e divulgativos do Proxecto TERRA.



6.- Revisión dos materiais e recursos educativos desde a perspectiva de xénero e elaboración de novos materiais para Educación Primaria e Secundaria que aborden a arquitectura e urbanismo con especial atención a este enfoque.

7.- Continuar coa formación do profesorado para presentar os recursos educativos actualizados e os de nova creación elaborados para as distintas etapas da educación obrigatoria, realizando cursos de formación incorporados no Plan Anual de Formación do profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

8.- Incorporación de novos espazos de formación específica e espazos de intercambio de coñecemento entre o profesorado de todas as etapas educativas sobre as diferentes temáticas que aborda o proxecto (paisaxe, identidade territorial, patrimonio, dereito ao hábitat, cartografías e deseño de espazos educativos).

9.- Realizar actividades de formación específica de monitores e talleristas para desenvolver asesorías e actividades de apoio en centros educativos de Educación Infantil e Educación Primaria en colaboración co profesorado do correspondente nivel educativo.

10.- Manter a presenza do Proxecto TERRA dentro do Plan Proxecta+ da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facilitando a participación dos centros inscritos na oferta das actividades complementarias.

11.- Sistematización e divulgación dos traballos realizados polos centros educativos no marco do Plan Proxecta+ da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

12.- Continuidade da exposición para celebrar os 20 anos de Proxecto Terra polas principais cidades galegas e acto de clausura da mesma.

13.- Continuar co programa de formación continua da cidadanía co obxectivo de presentar as reflexións multidisciplinares sobre os lugares que habitamos, esencial para acadar unha mellor implicación da cidadanía na calidade da construción dos espazos que habitamos ao servizo dunha mellor calidade de vida, incidindo nun mellor coñecemento e respecto da nosa ordenación urbanística.

14.- Continuar a visibilización e participación de Proxecto Terra en espazos, redes, colectivos, encontros e congresos nacionais e internacionais vencellados co obxecto do proxecto TERRA e as súas áreas de interese.

Todas estas liñas de actuación terán visibilidade a través da presenza do Proxecto TERRA nas redes sociais sendo un obxectivo permanente acadar cada ano unha maior visibilidade de todas as accións emprendidas como resultado da colaboración entre a Xunta de Galicia, a APLU e o COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA no marco do Proxecto TERRA.

A relación entre Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Xunta de Galicia é permanente, xa que as competencias de intervención e ordenación territoriais, urbanísticas, de construción de vivendas, etc, son obxecto de proxectos da area de competencia do colectivo de Arquitectos, o que implica a necesidade permanente de relación e colaboración coa Administración da Comunidade Autónoma.



O medio ambiente, a ordenación do territorio, o urbanismo e a arquitectura son, sen dúbida ningunha, asuntos que preocupan a amplos sectores da sociedade galega. O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Xunta de Galicia comparten o compromiso de contribuír a conservar e mellorar o medio no que desenvolve a súa vida a sociedade galega mediante a nosa única posible contribución, o exercicio responsable da Arquitectura e o Urbanismo, e o seu achegamento á poboación destinataria deberá, sen dúbida, ser un obxectivo prioritario.

Parece polo tanto axeitado, a través do presente convenio, vincular ámbalas dúas institucións, Xunta de Galicia e Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para participar na dirección e execución das actuacións obxecto do presente convenio, en aras dunha maior rendibilidade de esforzos no campo da formación e da elaboración de documentos de difusión en materia de ordenación e actuacións sobre o territorio e o medio e, así mesmo, na protección, xestión e ordenación da Paisaxe.

A participación da APLU no presente convenio, enmárcase dentro da liña seguida pola APLU nas campañas de concienciación e formación para a cidadanía, co obxecto de ir modificando o tan manido “*ti vai facendo*” por un esperado “*ti faino ben*”. Por elo, a Axencia, nos últimos anos ven destinando importantes recursos á realización de cursos, congresos, e á colaboración institucional cas institucións referentes en materia de formación, incluíndo o COAG. Así, co fin dunha maior eficacia da xestión pública, faise apropiado continuar coa colaboración da APLU co COAG, a través do Proxecto TERRA.

En consecuencia con todo anterior e en particular coas labours de desenvolvemento do «proxecto terra», resulta que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia preséntase como única opción para a posta en valor das accións que se pretenden, considerando non procedente promover a concorrencia debido ás características únicas que concorren para o caso.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento de convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.-O director da Axencia de Protección da legalidade Urbanística.

